

# **POR UNHA EUROPA CLARAMENTE FEMINISTA**

**PROGRAMA PFAC  
ELECCIONES EUROPEAS  
2024**

P A R T I D O  
**FEMINISTAS  
AL CONGRESO**



[www.feministasalcongreso.es](http://www.feministasalcongreso.es)



# ÍNDICE

ÍNDICE .....	1
INTRODUCCIÓN: PFAC ANTE AS ELECCIÓN S EUROPEAS: POR UNHA UE BASEADA NA IGUALDADE, A LIBERDADE, A XUSTIZA SOCIAL, O FEMINISMO E A PAZ.....	2
1. VIOLENCIA MACHISTA: POR UNHA EUROPA LIBRE DE VELLAS E NOVAS VIOLENCIAS CONTRA AS MULLERES .....	3
2. EXPLOTACIÓN SEXUAL: NIN PUTAS NIN SUBMISAS .....	4
3. EXPLOTACIÓN REPRODUTIVA: AS MULLERES NON SON INCUBADORAS, NIN OS BEBÉS UN PRODUTO .....	5
4. O SEXO IMPORTA: SER MULLER NON É UN SENTIMENTO .....	6
5. ECONOMÍA: REMATAR COA DESIGUALDADE ECONÓMICA E LABORAL DAS MULLERES.....	8
6. A SAÚDE DAS MUJERES, UNHA MATERIA PENDENTE.....	9
7. MIGRACION S: EUROPA DEBE SER UN FOGAR, NON UNHA FORTALEZA.....	10
8. EMERXENCIA AMBIENTAL E CAMBIO CLIMÁTICO: NON HAI PLANETA B.....	12
9. POLÍTICA AGRARIA: COAS COUSAS DO COMER NON SE XOGA .....	13
10. UNHA VIVENDA E TRANSPORTE SOSTIBLE QUE CONTE COAS MULLERES.....	14
11. COEDUCACIÓN E PERSPECTIVA FEMINISTA EN FORMACIÓN E EN INVESTIGACIÓN: A IGUALDADE SE APRENDE .....	16
12. UNHA EUROPA MÁ S DEMOCRÁTICA E SOLIDARIA COS DEMAIS POBOS .....	17



## INTRODUCCIÓN: PFAC ANTE AS ELECCIÓN EUROPEAS: POR UNHA UE BASEADA NA IGUALDADE, NA LIBERDADE, NA XUSTIZA

A Unión Europea declara no Tratado de Lisboa (2016) e na súa Carta de Dereitos Fundamentais (2012) que os seus obxectivos perseguen a paz e o benestar da cidadanía, sen fronteiras interiores, así como a promoción da paz, a solidariedade, o dereito internacional e o desenvolvemento sostible fora das súas fronteiras, baseándose nos seguintes valores: Dignidade humana, Liberdade, Democracia, Igualdade, Estado de dereito e Dereitos Humanos.

O feminismo centra a súa loita na conquista da igualdade de dereitos, a liberdade e a emancipación das mulleres. Isto implica a igualdade de tódolos seres humanos mediante o firme compromiso cos dereitos fundamentais das cidadás e os cidadáns e as políticas públicas de redistribución da riqueza, e coa preservación do mundo que compartimos. Por iso, o feminismo non pode aprobar a actual política da Unión Europea, guiada polos intereses de lucro e beneficio capitalista.

Pero mentres non consigamos transformar profundamente esta situación, debemos esixir reivindicacións concretas que melloren a vida das persoas e debiliten as estruturas opresivas e inxustas.

Por outra banda, aínda que a Unión Europea constantemente emite lexislacións de obrigado cumprimento para tódolos países sobre as máis diversas cuestións, observamos unha neglixencia indignante no referido a dereitos básicos das mulleres. Así ocorre, por exemplo, co aborto aínda prohibido en Malta e moi restrinxido en Polonia e Hungría. Ou tal e como ocorre coa prostitución ou a comercialización da capacidade reprodutiva das mulleres, a compravenda de bebés, ou a violencia patriarcal, etc. Nestes asuntos, extremadamente graves, a UE límitase a facer "declaracións e recomendacións" cando non a introducir formulacións perversamente lesivas.

Por último, os estados membros, e así ocorre no caso de España, incumpren a miúdo as directivas aprobadas polo Parlamento Europeo relacionadas coa promoción da igualdade de dereitos das mulleres. Isto supón un fraude político inaceptable.

Por todas estas razóns, o Programa electoral do PFAC para as Eleccións europeas de 2024 céntrase na reivindicación dos puntos clave da Axenda Feminista e na defensa dos dereitos das mulleres nos ámbitos máis relevantes nos que o Parlamento Europeo ten a competencia de legislar para contribuír á súa consecución.

# 1. VIOLENCIA MACHISTA: POR UNHA EUROPA LIBRE DE VELLAS E NOVAS VIOLENCIAS CONTRA AS MULLERES

A violencia exercida polos homes contra as mulleres recibe moitos nomes: violencia machista, violencia patriarcal, violencia de xénero... e ten múltiples manifestacións: violencia sexual, física, psicolóxica, económica, vicaria, simbólica, ambiental, MGF, matrimonio forzoso, acoso, ciberacoso, violencia xinecolóxica e obstétrica, extracción de óvulos, ventres de alugueiro, prostitución, pornografía...

Reciba o nome que reciba, quen a exerce varóns e as súas receptoras son mulleres, que a sofren precisamente por ter nacido mulleres. Pero, a pesar de que todas e cada unha desas formas de violencia machista están presentes sen excepción en Europa, non hai datos fiables e comparables nesta materia. Aínda así, sabemos que na Unión Europea 2 de cada 10 mulleres sufriron violencia física ou sexual por unha parella ou amigo; que 10 de cada 20 sufriron acoso sexual, e que cada día polo menos 2 mulleres son asasinadas pola súa parella, exparella ou familiar segundo datos -incompletos- da propia UE. Especial atención merece o caso da violencia, a miúdo invisible, contra as mulleres e as nenas con algún tipo de discapacidade.

Aínda que a Unión Europea aprobou en febreiro 2024 unha proposta de Directiva sobre violencia contra as mulleres e violencia doméstica, deixou fora unha das formas máis graves de violencia: a violación.

## PROPOSTAS DO PFAC

### 1. MODIFICAR A PROPOSTA DE DIRECTIVA EUROPEA SOBRE A LOITA CONTRA A VIOLENCIA CARA ÁS MULLERES PARA:

- a. Incluir tódalas formas de violencia machista sen excepción
- b. Medir a violencia machista de maneira exacta e homoxénea en toda a UE
- c. Establecer mecanismos de prevención que inclúan:
  - i. Detectar e combater os elementos culturais que levan aos homes para identificar a masculinidade coa violencia e a asimilar patróns culturais violentos cara ás mulleres.
  - ii. Realizar campañas de sensibilización e formación.
  - iii. Incrementar a capacidade de autodefensa das mulleres.
- d. Converter en delito o negacionismo da violencia patriarcal
- e. Incorporar medidas asistenciais de atención rápida e eficaz ás vítimas de violencia machista, valorando o risco no que incorren: garantir aloxamento alternativo para elas e as súas fillas/os
- f. Garantir os fondos que permitan desenvolver a directiva na súa integridade

## **2. REFORZAR A COOPERACIÓN DOS CORPOS POLICIAIS DA UE EN MATERIA DE VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES**

### **3. MELLORAR OS ÓRGANOS XUDICIAIS QUE DEBAN ATENDER A VIOLENCIA CONTRA A MULLER EN TODO O ÁMBITO DA UE, PARA:**

- a. Garantir a súa especialización en violencia contra a muller (principalmente na de parella e exparella pola súa maior incidencia)
- b. Prohibir a aplicación do falso SAP ou figuras análogas
- c. Reforzar os órganos xudiciais especializados en violencia contra as mulleres para que os procedementos sexan máis áxiles e menos revictimizadores

### **4. IMPULSAR QUE A UE RATIFIQUE O CONVENIO DE ESTAMBUL, ASÍ COMO FOMENTAR A SÚA RATIFICACIÓN POLOS ESTADOS MEMBROS QUE AÍNDA NON O FIXERAN**

## **2. EXPLOTACIÓN SEXUAL: NIN PUTAS NIN SUBMISAS**

A prostitución, a trata, a explotación e a pornografía constitúen neste momento un dos negocios internacionais máis boiantes. A proposta de Resolución do Parlamento Europeo (2022/2139-INI) reconece que hai prostitución e explotación sexual porque hai demanda, polo que o foco de atención debe ser a redución desa demanda. En setembro de 2023 o Parlamento Europeo aprobou unha Resolución sobre “Regulación da prostitución na Unión: repercusións transfronteirizas e impacto na igualdade de xénero e nos dereitos das mulleres”, pero que con todo, non ten o rango de Directiva de obrigado cumprimento para os Estados membros.

### **1. RECLAMAR UNHA DIRECTIVA ABOLICIONISTA QUE ABORDE O PROBLEMA DE MANEIRA GLOBAL**

- a. Baseada no modelo nórdico (que despenaliza á muller en situación de prostitución e penaliza ao comprador)
- b. Con dotación de recursos económicos para proporcionar ás mulleres en situación de prostitución estratexias de saída
- c. Que garanta a reinserción laboral e o acceso a Seguridade Social
- d. Que ofrezca cursos de formación para tódalas mulleres que o desexen

### **2. AXILIZAR A CONVALIDACIÓN DE TÍTULOS ACADÉMICOS E DE PERMISOS DE TRABAJO ÁS MULLERES INMIGRANTES EN SITUACIÓN DE PROSTITUCIÓN OU EN PERIGO DE ENTRAR NESE MERCADO CRIMINAL**

**3. IMPEDIR O ACCESO DE MENORES A PLATAFORMAS DE CONTIDO PORNOGRÁFICO MEDIANTE ACORDOS LEGAIS COAS EMPRESAS DEDICADAS A ISO**

**4. IMPLEMENTAR MEDIDAS CONTRA A PRODUCCIÓN E A DISTRIBUCIÓN DE PORNOGRAFÍA NA UNIÓN EUROPEA PORQUE CONSTITÚE UNHA FORMA DE VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES**

**5. POÑER LIMITE Á PUBLICIDADE DE PLATAFORMAS COMO ONLYFANS, QUE FUNCIONAN INTERNACIONALMENTE COMO MECANISMO DE ENGAÑO E CAPTACIÓN DE MUJERES E MENORES CON FINS DE EXPLOTACIÓN SEXUAL**

**6. REFORZAR EUROPOL PARA PERSEGUIR CON EFICACIA A TRATA DE MULLERES E MENORES CON FINS DE EXPLOTACIÓN SEXUAL**

**7. TIPIFICAR COMO DELITO A NIVEL EUROPEO O USO DOS "SERVIZOS PRESTADOS" POR UNHA VÍTIMA DE TRATA**

**8. REALIZAR ESTUDOS SOBRE O IMPACTO DA PORNOGRAFÍA EN PERSOAS ADULTAS E A SÚA RELACIÓN CO AUMENTO DA VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES**

### **3. EXPLOTACIÓN REPRODUCTIVA: AS MULLERES NON SON INCUBADORAS, NIN OS BEBÉS UN PRODUTO**

Os "ventres de alugueiro" (tamén coñecidos baixo o eufemismo de "xestación subrogada" e que en España reciben o nome de "xestación por substitución") constitúen explotación reproductiva e compravenda de seres humanos. En Europa non hai unha política común, e aínda que a maior parte dos países teñen posturas restritivas, na práctica cada vez máis países o aceptan de forma implícita. En España está prohibida, pero unha instrución do 2010 permite a inscrición dos bebés nados fóra de España por subrogación. En Portugal e Reino Unido (aínda que este último xa non pertence á UE) regúlanse os ventres de alugueiro "altruístas", que ao final nunca o son.

Queremos que a Unión Europea unifique a súa política sobre este tema crucial para as mulleres. Queremos vivir nunha Europa que recoñeza ás mulleres a capacidade para decidir sobre o seu corpo e a súa maternidade e a súa soberanía reproductiva. Queremos que ningún cidadán ou cidadá da UE creáse con dereito a explotar reprodutivamente a mulleres pobres doutras partes do mundo. Ningunha muller ten que xestar e parir para cumprir os desexos doutras persoas.



## PROPOSTAS DO PFAC

### **1. RECLAMAR UNHA DIRECTIVA ABOLICIONISTA DOS VENTRES DE ALUGUEIRO EN TÓDOLOS PAÍSES DA UNIÓN EUROPEA PARA:**

- a. Prohibir as doazóns de útero e os ventres de alugueiro tanto se son altruístas coma se non
- b. Prohibir a venda ou doazón de óvulos con fins de "alugueiro de ventres"
- c. Elevar a delito internacional a explotación reprodutiva das mulleres

### **2. PERSEGUIR XUDICIALMENTE ÁS PERSOAS QUE EXPLOTEN REPRODUCTIVAMENTE A MULLERES EN TERCEIROS PAÍSES**

### **3. PROHIBIR OS CONTRATOS DE ALUGUEIRO DE VENTRES CON TERCEIROS PAÍSES EN TÓDOLOS ESTADOS MEMBROS DA UNIÓN EUROPEA, MEDIANTE A FIRMA DUN ACORDO VINCULANTE COMPROMETÉNDOSE A PERSEGUIR A QUEN LEVE A CABO ESTAS PRÁCTICAS**

### **4. PROHIBIR A INSCRICIÓN NO REXISTRO CIVIL DOS PAÍSES DA UNIÓN EUROPEA DE BEBÉS QUE SE COMPREN EN CALQUERA OUTRO PAÍS**

### **5. PERSEGUIR XUDICIALMENTE ÁS PERSOAS QUE SE LUCREN COA INDUSTRIA DA OVODONACIÓN, PRÁCTICA Á QUE RECORREN MOITAS MOZAS EN SITUACIÓN DE PRECARIIDADE**

## 4. O SEXO IMPORTA: SER MULLER NON É UN SENTIMENTO

A introdución do concepto de "identidade de xénero" nas leis ten como consecuencia directa a eliminación do "sexo" como categoría xurídica. A substitución de sexo por xénero deixa inoperativas as políticas públicas que teñen como obxectivo a igualdade entre homes e mulleres e a erradicación da violencia machista. O xénero é unha construción cultural imposta que non pode de ningunha maneira considerarse unha identidade innata, como se está facendo na actualidade. Reclamamos as definicións dadas na CEDAW- 1979, na Conferencia de Mulleres de Beijing-1995 e no Convenio de Estambul-2011 ("asignación aos homes e mulleres de funcións e comportamentos particulares"), cuxo evidente propósito é subordinar a estas últimas.

Ademais dos dereitos baseados no sexo, defendemos os dereitos baseados nas orientacións sexuais e os diferentes modelos familiares a que dan lugar ditas orientacións.

## PROPOSTAS DO PFAC

### 1. RECLAMAR UNHA DIRECTIVA QUE DERROGUE TODA A LEXISLACIÓN SOBRE IDENTIDADE DE XÉNERO E AUTODETERMINACIÓN DE SEXO PARA:

- a. Abolir tódalas leis e protocolos onde se introduzan os conceptos: identidade de xénero, cisexénero, persoas non binarias, xénero fluído, ou termos análogos, xa que son acientíficos e non están referendados nin pola ciencia nin por un consenso internacional sobre eles
- b. Impedir que ningunha lei ou protocolo poida lesionar ou menoscabar os dereitos das mulleres baseados no sexo, que non poderán estenderse a ningún colectivo por razón de discriminacións de distinta orixe
- c. Impedir que a lexislación europea permita ás persoas autodeterminar o seu sexo, que é unha realidade material

### 2. INVALIDAR EN TÓDOLOS PAÍSES TANTO O “MODELO AFIRMATIVO” COMO O “MODELO PSIQUIÁTRICO” NA ABORDAXE DE AUTODIAGNÓSTICO DE MENORES E PERSOAS ADULTAS QUE MANIFESTEN O DESEXO DE PERTENCER AO OUTRO SEXO

### 3. IMPLANTAR UNHA ABORDAXE BIO-PSICO-SOCIAL QUE CONTEMPLA TÓDALAS ESFERAS VITAIS DAS PERSOAS QUE MOSTREN DESCONFORMIDADE CO XÉNERO DE SOCIALIZACIÓN, SOBRE TODO EN MENORES, LEVADO A CABO POR EQUIPOS MULTIDISCIPLINARES

### 4. PROHIBIR BLOQUEADORES DA PUBERDADE, TRATAMENTO CON HORMONAS CRUZADAS OU CIRURXÍAS IRREVERSIBLES EN MENORES CON OU SEN APROBACIÓN DE QUEN OSTEANTE A SÚA TUTELA

### 5. PROTECCIÓN DOS ESPAZOS E SERVIZOS EXCLUSIVOS PARA MULLERES: VESTIARIOS, BAÑOS, HOSPITAIS, PRISIÓN, ETC. ATENDENDO AO SEXO E NON AO XÉNERO

### 6. BLINDAR A VARIABLE SEXO EN TODAS AS ESTADÍSTICAS OFICIAIS PARA OBTENIR INFORMACIÓN FIABLE EN TÓDOLOS ÁMBITOS SOCIAIS: TRABALLO, VIOLENCIA, DELINCUENCIA, POBREZA, DESIGUALDADE, ETC.

### 7. GARANTIR A SEGREGACIÓN POR SEXO NAS CATEGORÍAS DEPORTIVAS, SEGUNDO AS RECLAMACIÓNS PRESENTADAS POR ORGANIZACIÓNS FEMINISTAS, PARA QUE O COMITÉ OLÍMPICO INTERNACIONAL E AS FEDERACIÓNS DEPORTIVAS INTERNACIONAIS E NACIONAIS AS ASUMAN

## 5. ECONOMÍA: REMATAR COA DESIGUALDADE ECONÓMICA E LABORAL DAS MULLERES

Segundo o Índice de Igualdade de Xénero 2023, as mulleres españolas se sitúan en posicións especialmente desfavorables no ámbito económico e laboral en comparación con outros ámbitos (no posto 17º dos 27), descendendo cinco postos desde 2020.

As mulleres enfrontámonos a un mercado laboral claramente segregado: maior desemprego e paro, maior precariedade no emprego, peores condicións laborais nos sectores máis feminizados e unha alta brecha salarial, debida a unha maior temporalidade e maior emprego a tempo parcial. As mulleres tamén estamos infrarrepresentadas nos postos de responsabilidade e toma de decisións no mundo empresarial e no ámbito sindical, a pesar do noso maior nivel de formación respecto aos homes.

Se o mercado laboral é hostil para as mulleres en xeral, aínda o é máis para as mulleres con discapacidade en particular. Urxen políticas comunitarias activas que garantan o dereito destas mulleres a empregos dignos e de calidade.

Ademais, as mulleres sufrimos maior desigualdade económica porque o peso das tarefas de coidado segue recaendo desproporcionadamente en nós debido á falta de verdadeiras políticas de conciliación corresponsable en tódolos ámbitos do coidado e a dependencia.

A pobreza cébase nas mulleres e isto é aínda máis grave para nós porque somos as que sostemos a inmensa maioría dos fogares afectados pola precariedade. Esta situación cronifícase ao longo da vida pola súa repercusión agravada nas pensións de xubilación.

### PROPOSTAS DO PFAC

**1. GARANTIR A APLICACIÓN INMEDIATA E A RENDICIÓN DE CONTAS DA DIRECTIVA 2023/970 DO PARLAMENTO EUROPEO E DO CONSELLO DESTINADA A REFORZAR A APLICACIÓN DO PRINCIPIO DE IGUALDADE DE RETRIBUCIÓN ENTRE HOMES E MULLERES PARA UN MESMO TRABALLO OU PARA UN TRABALLO DE IGUAL VALOR, MEDIANTE A TRANSPARENCIA DAS RETRIBUCIÓNS E MECANISMOS DE CONTROL DO SEU CUMPRIMENTO**

**2. ESIXIR O CUMPRIMENTO DA DIRECTIVA 2019/1158 DO PARLAMENTO EUROPEO E DO CONSELLO RELATIVA Á CONCILIACIÓN DA VIDA FAMILIAR E A VIDA PROFESIONAL DE PROXENITORAS/ES E COIDADORAS/ES**

**3. ESIXIR A ELABORACIÓN, O DESENVOLVEMENTO E O CUMPRIMENTO DOS PLANS DE IGUALDADE OBRIGATORIOS EN TÓDALAS EMPRESAS DENTRO DOS PRAZOS ESTABLECIDOS POLO RD 901/2020 E A ANÁLISE DO SEU IMPACTO POR PARTE DOS ÓRGANOS COMPETENTES DO ESTADO, ASÍ COMO A REVISIÓN DOS SEUS RESULTADOS E A ADOPCIÓN DE MEDIDAS PARA LOGRAR OS SEUS OBXECTIVOS**

**4. LOITAR CONTRA A SEGREGACIÓN LABORAL E A CONSECUENTE DESIGUALDADE SALARIAL, ERRADICAR OS ESTEREOTIPOS QUE DISCRIMINAN ÁS MULLERES MEDIANTE UNHA EDUCACIÓN INTEGRAL QUE PERMITA ORIENTAR A MÁIS MULLERES CARA AOS SECTORES MASCULINIZADOS E A MAIS HOMES CARA AOS SECTORES FEMINIZADOS**

**5. PERSEGUIR E SANCIONAR A EXPLOTACIÓN E AS CONDICIÓN LABORAIS ABUSIVAS DAS TRABALLADORAS EN SITUACIÓN VULNERABEIS, CON ESPECIAL ATENCIÓN ÁS MULLERES DE ORIXE ESTRANXEIRA, CON TRABALLOS TEMPORAIS E EN SITUACIÓN IRREGULAR, GARANTINDO OS SEUS DEREITOS LABORAIS**

**6. GARANTIR A INTEGRIDADE E A SEGURIDADE DAS TRABALLADORAS QUE DESENVOLVEN AS SÚAS TAREFAS EN ÁMBITOS PRIVADOS, ESPECIALMENTE NOS QUE SON IMPRESCINDIBLES PARA O SOSTEMENTO DA VIDA (COIDADO DE MENORES E DE PERSOAS ENFERMAS E MAIORES DEPENDENTES)**

## **6. A SAUDE DAS MULLERES: UNHA MATERIA PENDENTE**

Por mor da crise sanitaria Covid-19, a Comisión Europea puxo en marcha a *Unión Europea da Saúde*, que debe permitir a tódolos países da UE prepararse e responder xuntos ás crises sanitarias, dispoñer de subministracións médicas innovadoras e a prezos asumíbeis, e colaborar para mellorar a prevención, o tratamento e o seguimento de enfermidades como o cancro.

Superada a prioridade sanitaria orixinada pola pandemia Covid-19, é hora de que a *Unión Europea da Saúde* se centre no reforzo e homoxeneización dos sistemas sanitarios europeos e o faga incorporando a necesaria perspectiva das mulleres. Porque, sendo máis da metade da cidadanía europea, a súa saúde considerouse ata agora un aspecto residual ou invisíbel en comparación coa dos homes. As mulleres presentan síntomas diferentes aos homes nalgunhas patoloxías, acoden menos e máis tarde aos servizos médicos, tárdase máis en establecer diagnósticos e non se lle adoita dar importancia aos síntomas que presentan. No caso das mulleres e as nenas con discapacidade, os estereotipos sexistas agravan esta situación.

Ademais, hai enfermidades exclusivas das mulleres, como a endometriose, que a pesar da súa alta prevalencia foron insuficientemente estudadas ata agora.

## PROPOSTAS DO PFAC

**1. IMPULSAR UNHA DIRECTIVA EUROPEA PARA A DETECCIÓN PRECOZ E TRATAMENTO MÉDICO DAS ENFERMIDADES XINECOLÓXICAS**

**2. GARANTIR QUE OS DEREITOS REPRODUTIVOS DAS MULLERES, INCLÚIDO O ABORTO, CONSIDÉRENSE DEREITOS SANITARIOS EN TODA A UNIÓN EUROPEA E SEXAN INCLÚIDOS NA SANIDADE PÚBLICA**

**3. PERSEGUIR XUDICIALMENTE A AQUELES QUE EXERZAN PRESIÓNS DE CALQUERA TIPO SOBRE AS MULLERES QUE OPTAN POR ABORTAR**

**4. MELLORAR A ASISTENCIA SANITARIA EN XINECOLOXÍA E OBSTETRICIA, ERRADICANDO A VIOLENCIA XINECOLÓXICA E OBSTÉTRICA**

**5. INCENTIVAR E FINANCIAR A INVESTIGACIÓN SOBRE A SAÚDE DAS MULLERES A NIVEL EUROPEO, LIBRE DE RUMBOS ANDROCÉNTRICOS**

**6. MELLORAR A CALIDADE DA ATENCIÓN NO EMBARAZO, PARTO E POSTPARTO, QUE EVITE AS NUMEROSAS LESIÓNS E SECUELAS QUE PODEN ORIXINARSE SE NON SE TRATAN DEBIDAMENTE**

**7. CREAR UNHA FARMACÉUTICA CON FONDOS DA UE QUE GARANTA A SUBMINISTRACIÓN Á CIDADANÍA DE TÓDOLOS ESTADOS MEMBROS DAS VACINAS E MEDICAMENTOS XENÉRICOS BÁSICOS A PREZOS ASUMÍBEIS SEGUNDO NIVEL DE RENDA**

## 7. MIGRACIÓNS: EUROPA DEBE SER UN FOGAR, NON UNHA FORTALEZA

A poboación inmigrante desempeña un papel crave na Unión Europea en diversos sectores económicos e traballos esenciais e, como noutros países, aproximadamente a metade dos inmigrantes en España son mulleres.

As mulleres que migran fano en busca de mellores condicións de vida e fuxindo de zonas de conflito, pero tamén escapando de situacións de desigualdade e violencia que lles afectan de forma específica.

España ten un papel crucial como fronteira sur da Unión Europea, unha das fronteiras máis desiguais do mundo entre países ricos e países empobrecidos. A política común de xestión de fronteiras exteriores dos estados membros (FRONTEX) comporta graves situacións, a miúdo contrarias aos dereitos humanos, a pesar dos acordos internacionais de protección das persoas sobre refuxio e asilo, e de protección das mulleres que migran e as que solicitan refuxio por violencia de xénero.

Por outra banda, tódolos países deben desenvolver políticas de integración e inclusión social da poboación migrante, pero ademais do racismo e da discriminación existente en moitos ámbitos (traballo, vivenda, educación, sanidade etc.), a xestión política da diversidade cultural converte a miúdo en invisibles os dereitos das nenas e as mulleres de orixe inmigrante.

## PROPOSTAS DO PFAC

**1. GARANTIR A PERSPECTIVA DOS DEREITOS DAS MULLERES NO DESENVOLVEMENTO E IMPLEMENTACIÓN DOS NOVOS REGULAMENTOS DERIVADOS DO PACTO SOBRE MIGRACIÓN E ASILO DO CONSELLO E O PARLAMENTO**

**2. IMPULSAR UNHA DIRECTIVA EUROPEA PARA A PROTECCIÓN INTEGRAL DAS MULLERES E AS NENAS QUE SE ENCONTRAN EN CAMPOS DE REFUXIADOS E CENTROS DE INTERNAMENTO, FRONTE O ALTO RISCO DE SUFRIR AGRESIÓNS SEXUAIS E SER CAPTADAS POR REDES DE TRATA CON FINS DE EXPLOTACIÓN SEXUAL EN EUROPA. ISTO INCLÚE A ATENCIÓN ESPECÍFICA ÁS MENORES NON ACOMPAÑADAS (MENA)**

**3. FACILITAR O ASILO POLÍTICO DENTRO DA UNIÓN EUROPEA A MULLERES E NENAS REFUXIADAS DE TERRITORIOS EN GUERRA E DE TODOS AQUELES PAÍSES ONDE CAREZAN DE DEREITOS FUNDAMENTAIS, E PROMOVER QUE SE POÑAN Á SÚA DISPOSICIÓN OS MEDIOS NECESARIOS PARA QUE POIDAN RECONSTRUÍR OS SEUS PROXECTOS DE VIDA, ACCEDER AOS ESTUDOS E A POSTOS DE TRABALLO DIGNOS E REMUNERADOS**

**4. GARANTIR O CUMPRIMENTO DOS PLANS DE INTEGRACIÓN E INCLUSIÓN SOCIAL A TÓDALAS ESCALAS (COMUNITARIA, ESTATAL, REXIONAL E LOCAL) E CONTRA A DISCRIMINACIÓN CUNHA PERSPECTIVA FEMINISTA E CO-PARTICIPADA EN TÓDOLOS ÁMBITOS: TRABALLO, VIVENDA, EDUCACIÓN, ATENCIÓN SANITARIA E PARTICIPACIÓN SOCIAL**

**5. PRIORIZAR A CIDADANÍA E OS DEREITOS DAS MULLERES DE COMUNIDADES MIGRANTES FRONTE EVENTUAIS CONFLITOS SOCIAIS E CULTURALS (MATRIMONIOS FORZADOS, MUTILACIÓN XENITAL FEMININA, ETC.) E IMPEDIR QUE A REPRESENTACIÓN DESTAS COMUNIDADES SEXA ACAPARADA POR AUTOPROCLAMADOS "LÍDERES RELIXIOSOS DA COMUNIDADE"**

**6. GARANTIR QUE SEXAN ACTORES FEMINISTAS E SECULARES OS QUE TRABALLEN NESTES CONTEXTOS, SEMPRE COA PARTICIPACIÓN DAS DESTINARIAS DESTAS ACCIÓNS**

**7. GARANTIR QUE A INMIGRACIÓN IRREGULAR SEXA GUIADA POLOS PRINCIPIOS DE DEREITOS HUMANOS E QUE SE PROMOVA UNHA MELLORA NOS PROCESOS DE RESCATE, ACOLLEMENTO E REPATRIACIÓN VOLUNTARIA EN CONDICIÓNS DE SEGURIDADE E DIGNIDADE DAS PERSOAS MIGRANTES, CON ESPECIAL ENFOQUE NA SITUACIÓN DAS MULLERES E MENORES QUE CHEGAN A EUROPA EN SITUACIÓN IRREGULAR**

## 8. EMERXENCIA AMBIENTAL E CAMBIO CLIMÁTICO: NON HAI PLANETA B

Europa (como o mundo) atópase nun momento clave na loita contra a emerxencia ambiental e climática, no cal a política ten que dar un salto cualitativo para conter os efectos máis adversos. A temperatura global do aire subiu, aumentaron os eventos meteorolóxicos extremos, as emisións de CO<sub>2</sub> acadaron un récord en 2023.

A saúde humana é dependente dos ecosistemas e, como case en tódolos fenómenos, as mulleres e as criaturas son as principais afectadas: pobreza enerxética, salarios e pensións máis baixos, desprazamentos forzosos, refuxiadas climáticas, etc. É o momento de redeseñar as políticas da Unión Europea para que integren os graves problemas que se están a producir como consecuencia dunha actividade económica depredadora, incapaz de autocontrolarse.

### PROPOSTAS DO PFAC

#### 1. RECLAMAR UNHA DIRECTIVA QUE ABORDE A EMERXENCIA AMBIENTAL E CAMBIO CLIMÁTICO NA SÚA GLOBALIDADE

**AS MEDIDAS QUE PROPOÑEMOS PÓDENSE INCLUÍR EN SETE ÁREAS:**

- a. Eficiencia enerxética
- b. Enerxías renovables
- c. Interconexión de sistemas eléctricos e baterías
- d. Adaptación ao cambio climático
- e. Política da auga
- f. Economía circular
- g. Biodiversidade

#### 2. RENOVAR EDIFICIOS PÚBLICOS E PRIVADOS E IMPOÑER OBXECTIVOS DE REDUCCIÓN DE CONSUMO ENERXÉTICO AOS SECTORES MÁIS INTENSIVOS, COMO SON O AGROALIMENTARIO, AS INDUSTRIAS PESADAS OU O SECTOR TURÍSTICO

#### 3. PACTAR EN MESAS SECTORIAIS COAS GRANDES ENERXÉTICAS E FACERLLES ASINAR COMPROMISOS VINCULANTES DE UTILIZACIÓN DE ENERXÍAS RENOVÁBEIS (SOLAR E EÓLICA) EN PARAXES QUE NON TEÑAN VALOR NATURAL, COMO CUBERTAS DE EDIFICIOS

#### 4. POTENCIAR AS COMUNIDADES ENERXÉTICAS NO NIVEL MICRO, QUE SON UNHA FORMA DE DESPREGAR CAPACIDADE RENOVABLE TENDO EN CONTA AS NECESIDADES CONCRETAS DAS POBOACIÓNS, SOBRE TODO RURAIS

#### 5. EVITAR AS ILLAS ENERXÉTICAS, INTERCONECTANDO REDES ELÉCTRICAS ENTRE PAÍSES, E INVESTIR EN BATERÍAS DE GRAN DIMENSIÓN E EN TECNOLOXÍAS DISRUPTIVAS COMO A HIDROELÉCTRICA REVERSIBLE DE BOMBEO QUE SE ESTÁ A DESENVOLVER EN SALTO DE CHIRA (CANARIAS)

**6. GARANTIR QUE OS BOSQUES ESTEAN BEN CONSERVADOS, ASÍ COMO REVISAR O MARCO XURÍDICO PARA QUE IMPIDA RECALIFICAR SOLO FORESTAL QUEIMADO. NAS CIDADES DO SUR TENSE QUE INVESTIR EN INFRAESTRUTURAS CLIMÁTICAS DE PROTECCIÓN FRONTE A CALOR EXTREMA**

**7. GARANTIR UN PACTO EUROPEO POLA AUGA QUE BLINDE A XERARQUÍA DA AUGA, QUE CONSISTE NUNHA SERIE DE MEDIDAS PARA REDUCIR E OPTIMIZAR OS RECURSOS HÍDRICOS (REDUCCIÓN DA DEMANDA E O CONSUMO, REUTILIZACIÓN E REXENERACIÓN, REDUCCIÓN DE LICENZAS PARA USOS TURÍSTICOS (P.EX. CAMPOS DE GOLF)**

**8. REDUCIR O RECURSO Á DESALINIZACIÓN POR SER ALTAMENTE CONTAMINANTE**

**9. POTENCIAR A ECONOMÍA CIRCULAR, FAVORECENDO A CONVERSIÓN DE RESIDUOS NON RECICLABLES EN ENERXÍA ELÉCTRICA, VAPOR OU AUGA QUENTE PARA USOS INDUSTRIAIS E DOMÉSTICOS**

**10. BLINDAR POR LEI A XERARQUÍA DOS RESIDUOS, QUE CONSTA DE: PREVENCIÓN, MINIMIZACIÓN, REUTILIZACIÓN, RECICLAXE, RECUPERACIÓN ENERXÉTICA E O REFUGALLO**

**11. IMPLEMENTAR A LEI DE RESTAURACIÓN DA NATUREZA, APROBADA NO PARLAMENTO EUROPEO EN 2022, QUE CONSISTE EN REPARAR OS HÁBITATS EN MAL ESTADO E DEVOLVER A NATUREZA A TÓDOLOS ECOSISTEMAS DANADOS: BOSQUES, TERRAS AGRÍCOLAS, ECOSISTEMAS MARIÑOS, ETC.**

## **9. POLÍTICA AGRARIA: COAS COUSAS DO COMER NON DE XOGA**

A produción de alimentos é unha das actividades que máis contribúe á crise climática. Dada a evidente interdependencia internacional actual, a Unión Europea debe garantir a sustentabilidade dos sectores alimentarios.

A soberanía alimentaria debe ser entendida como a capacidade de producir o que se consome, así como a capacidade cidadá de elixir o que consumir, e isto non pode facerse sen contar con tódolos actores implicados: agricultura, gandería, pesca, comunidade científica e persoas consumidoras.

Neste tema hai que ter moi en conta a participación fundamental das mulleres no mundo rural, o seu menor acceso á propiedade da terra, a invisibilidade do seu traballo e a súa maior vulnerabilidade, unha realidade que adoita ser esquecida con frecuencia sobre todo cando se fala de traballadoras do campo en tarefas estacionais.



## PROPOSTAS DO PFAC

**1. RECUPERAR A BIODIVERSIDADE, LIMITANDO A SUPERFICIE QUE SE DESTINA AO CULTIVO E GANDERÍA, AUMENTANDO OS ESPAZOS PROTEXIDOS**

**2. DETER A CONTAMINACIÓN DO SOLO, REDUCIR O CONTACTO DE ABONOS ARTIFICIAIS CO SOLO PARA EVITAR A EUTROFIZACIÓN, CUXAS CONSECUENCIAS SON CATASTRÓFICAS (EX. MAR MENOR)**

**3. PROMOVER O CULTIVO DE VARIEDADES QUE REQUIRAN UN CONSUMO ADECUADO DOS RECURSOS EN CADA TERRITORIO. NON É SOSTIBLE CULTIVAR VARIEDADES QUE PRECISAN UNHA GRAN CANTIDADE DE REGA, E MENOS EN ZONAS CON ESTRÉS HÍDRICO**

**4. INTRODUCIR NA LEXISLACIÓN DE AGRICULTURA ECOLÓXICA O USO DO CONTROL BIOLÓXICO E A LOITA INTEGRADA DE PRAGAS, PARA REDUCIR O USO DE FITOSANITARIOS, XA SEXAN ARTIFICIAIS OU NATURALS, PARA PODER CUMPRIR COS ESTÁNDARES DE SEGURIDADE ALIMENTARIA QUE XA ESIXE A PROPIA UNIÓN EUROPEA**

**5. TER EN CONTA A PEGADA DE CARBONO DOS ALIMENTOS NA LEI DE AGRICULTURA ECOLÓXICA, PARA QUE NINGÚN ALIMENTO QUE NON FOI PRODUCIDO NA UNIÓN EUROPEA POIDA SER CONSIDERADO SOSTIBLE**

**6. ESTABLECER LIÑAS DE CRÉDITO BRANDO PARA QUE AS MULLERES POIDAN ACCEDER Á PROPIEDAD DE TERRAS, CORRIXINDO A PERSISTENTE E NOTABLE BRECHA DE XÉNERO DAS MULLERES NESTE TEMA, ASÍ COMO POÑER EN VALOR O TRABALLO INVISIBLE DAS MULLERES RURAIS**

## 10. UNHA VIVENDA E TRANSPORTE SOSTIBLE QUE CONTE COAS MULLERES

O Parlamento Europeo aprobou en 2021 unha resolución sobre o acceso a unha vivenda digna e alcanzable para tódalas persoas, recoñecendo que o acceso a unha vivenda adecuada constitúe un dereito fundamental. A incidencia desproporcionada da pobreza entre as mulleres, a cargo dos fogares máis desfavorecidos, agudiza tamén as dificultades para facer real e efectivo este dereito fronte aos intereses do mercado.

Ademais, existe unha problemática invisible no caso das mulleres maiores soas, que son maioría entre os grupos de máis idade, e que require a rehabilitación de edificios para que permitan maior autonomía e reduzan o risco de illamento. Por último, detéctase un crecente sinfogarismo feminino por mor da precariedade e da falta de alternativas habitacionais e refuxios exclusivos para mulleres soas ou con fillos.

Por todo iso, é unha prioridade nun programa político feminista que a Unión Europea aprobe unha directiva comunitaria que transforme radicalmente as condicións actuais de acceso a unha vivenda digna desde a política pública.

Tamén é indispensable promover unha mobilidade sostible deseñada con perspectiva feminista. Esta é unha necesidade a tódolos niveis, que implica garantir cidades e territorios accesibles a nivel local e rexional e lograr unha Europa mellor interconectada a través do ferrocarril, evitando no posible o transporte aéreo, que é o máis caro e contaminante.

Hai que ter en conta os usos que as mulleres fan do transporte: utilizan máis o transporte público, fan traxectos máis curtos, viaxan máis con criaturas ou persoas dependentes e teñen maior sensibilidade ambiental e de seguridade. Por último, é necesario traballar para corrixir a escasa presenza de mulleres traballadoras no sector do transporte (22% en Europa) superando as barreiras específicas que seguen vixentes.

## PROPOSTAS DO PFAC

**1. PROMOVER UNHA DIRECTIVA QUE OBRIGUE AOS ESTADOS GARANTIR O ACCESO A UNHA VIVENDA DIGNA COMO DEREITO FUNDAMENTAL, ERRADICANDO AS INFRAVIVENDAS E QUE PRIORICE DE FORMA ESPECÍFICA OS FOGARES ENCABEZADOS POR MULLERES E EN TÓDALAS SITUACIÓNS DE VULNERABILIDADE**

**2. GARANTIR O DEREITO Á VIVENDA E PROPORCIONAR SOLUCIÓNS HABITACIONAIS A MEDIO E LONGO PRAZO NOS CASOS DE RISCO DE DESAFIUZAMENTOS QUE AFECTEN OS FOGARES MÁIS VULNERABLES, CON ESPECIAL ATENCIÓN A AQUELES ENCABEZADOS POR MULLERES SOAS**

**3. DESEÑAR POLÍTICAS PÚBLICAS DE TRANSPORTE TENDO EN CONTA OS DIFERENTES PATRÓNS DE MOVILIDADE DAS MULLERES E OS HOMES**

**4. REDUCIR AS NECESIDADES DE TRANSPORTE, ACHEGANDO OS CENTROS DE PRODUCCIÓN AOS LUGARES DE CONSUMO**

**5. PRIORIZAR O TRANSPORTE FERROVIARIO FRONTE AO AÉREO SEMPRE QUE SEXA POSIBLE, AUMENTANDO OS INVESTIMENTOS EN INFRAESTRUTURAS FERROVIARIAS**

**6. FACILITAR O ACCESO DE MULLERES A AQUELAS PROFESIÓNS QUE SEMPRE SE CONSIDERARON MASCULINAS: PILOTAXE DE AVIÓNS, MAQUINISTAS DE FERROCARRIL, MARIÑA MERCANTE, OU CONDUCCIÓN DE AUTOBUSES**

## 11. COEDUCACIÓN E PERSPECTIVA FEMINISTA EN FORMACIÓN E EN INVESTIGACIÓN: A IGUALDADE SE APRENDE

A educación das nenas e as mulleres foi un espellismo de igualdade nas últimas décadas polos seus mellores resultados académicos e a súa maior permanencia no sistema educativo postobligatorio, en comparación cos mozos e os homes.

As mozas de clase traballadora e de orixe estranxeira experimentan niveis altos de abandono escolar e baixa cualificación, o que dificulta o seu acceso a empregos cualificados e a unha vida digna. Tamén se dá a entender que a súa presenza nas disciplinas STEM é globalmente menor e se focaliza na súa motivación e non na invisibilidade das mulleres nas ciencias.

É unha materia pendente a inclusión das contribucións das mulleres nos currículos. Os contidos da Coeducación, como Educación para a Igualdade (contra o androcentrismo, a violencia machista e tódalas formas de opresión), foron substituídos pola axenda *queer transxenerista* que borra a realidade das mulleres e a súa subordinación na sociedade patriarcal. Esta ideoloxía estendeuse en tódolos materiais, protocolos, normativas, etc., na formación do profesorado e nas convocatorias europeas de investigación, así como nas propias unidades de igualdade das universidades. As alumnas e as profesoras están desprotexidas en tódalas etapas educativas como cidadás e como traballadoras.

### PROPOSTAS DO PFAC

**1. IMPULSAR UNHA DIRECTIVA EUROPEA COMO PARTE DA ESTRATEXIA DO ESPAZO EUROPEO DE EDUCACIÓN (EEA) PARA REINTRODUCIR A VARIABLE OBXECTIVA SEXO NAS BASES DE DATOS SOBRE EDUCACIÓN E NA INVESTIGACIÓN SOBRE DESIGUALDADES ENTRE MULLERES E HOMES**

**2. ESIXIR UNHA REVISIÓN DO CURRÍCULO EN TÓDALAS ETAPAS EDUCATIVAS DESDE UNHA PERSPECTIVA COEDUCATIVA E FEMINISTA E FORMACIÓN DO PROFESORADO EN COEDUCACIÓN REAL, ESTABLECENDO ESTÁNDARES COMÚNS DESDE UNHA PERSPECTIVA EUROPEA**

**3. DESENVOLVER UN PROTOCOLO DE ACTUACIÓN E ACOMPAÑAMENTO FRONTE AO RISCO DE ABANDONO EDUCATIVO DAS ADOLESCENTES E MOZAS DE TÓDALAS ORIXES, SECTORES SOCIAIS E COMUNIDADES**

**4. IMPULSAR A INVESTIGACIÓN SOBRE OS CONDICIONANTES NA ELECCIÓN DA FORMACIÓN, E PROMOVER ESTRATEXIAS DE PROMOCIÓN DAS ÁREAS PROFESIONAIS E CIENTÍFICAS NAS QUE AS MULLERES ESTÁN INFRAREPRESENTADAS, TANTO NA FORMACIÓN PROFESIONAL COMO NA EDUCACIÓN SUPERIOR**

**5. IMPULSAR A CREACIÓN DUNHA REDE EUROPEA DE UNIVERSIDADES FEMINISTAS QUE VELEN POLA PROMOCIÓN REAL DA IGUALDADE NA EDUCACIÓN SUPERIOR E NA INVESTIGACIÓN, E POLA ERRADICACIÓN DE IDEOLOXÍAS ANTICIENTÍFICAS NOS CENTROS DE FORMACIÓN DO PROFESORADO E DE PRODUCCIÓN DO COÑECEMENTO**

## **12. UNHA EUROPA MAIS DEMOCRÁTICA E SOLIDARIA COS DEMAIS POBOS**

Aínda que a UE naceu inicialmente como unha unión económica, é a unión política, que se iniciou tralo Tratado de Maastricht, a que pode contribuír decisivamente a consolidar o proxecto europeo. Pero só o fará na medida en que se oriente a articular unha *Europa das persoas* que teña como prioridade o seu benestar e a solidariedade con outros pobos.

Para iso, a UE debe articular toda unha serie de Regulamentos e Directivas que blinden dereitos políticos e sociais esenciais da súa cidadanía e, á vez, implementar unha política internacional baseada na paz e a solidariedade entre os pobos; proceso no que o papel das mulleres é fundamental. A Unión Europea debe acadar unha política internacional menos dependente dos Estados Unidos.

### **PROPOSTAS DO PFAC**

#### **1. RECLAMAR Á UE UNHA POLÍTICA INTERNACIONAL BASEADA NA SOLIDARIEDADE ENTRE OS POBOS ONDE A VOZ DAS MUJERES TEÑA PROTAGONISMO PARA:**

- a. Incentivar unha política internacional europea de defensa liberada da tutela dos EEUU e lonxe da actual escalada belicosa
- b. Reverter o carácter mercantilista das institucións da UE e potenciar a calidade de vida da cidadanía
- c. Impulsar a democratización da ONU, a OMS e tódolos organismos internacionais que abandonaron a defensa das mulleres substituíndoa pola defensa das identidades
- d. Incentivar o protagonismo das mulleres no desenvolvemento e na cooperación entre os pobos

#### **2. ARREFRIAR OU ROMPER RELACIÓNS DIPLOMÁTICAS E COMERCIAIS CON PAÍSES NOS QUE SE NEGUEN DEREITOS A MUJERES E NENAS, ASÍ COMO BLOQUEAR EVENTOS DEPORTIVOS QUE SE PRETENDAN CELEBRAR EN DITOS PAÍSES**

#### **3. GARANTIR O LAICISMO NA UE E EN TÓDOLOS SEUS ESTADOS MEMBROS. AS CONFESIÓNS RELIXIOSAS DEBEN AUTOFINANCIARSE E NON RECIBIR SUBVENCIÓNS, EXENCIÓNS OU BENEFICIOS FISCAIS. A EDUCACIÓN PÚBLICA DEBE SER LAICA**

**4. PROMOVER OS DDHH DE MULLERES E NENAS NAQUELES PAÍSES NOS QUE NON ESTÁN RECOÑECIDOS OU SE ATOPAN EN RETROCESO**

**5. VINCULAR AS AXUDAS AO DESENVOLVEMENTO DE PAÍSES EXTRACOMUNITARIOS AO RESPECTO DOS DEREITOS DE MULLERES E NENAS, E GARANTIR QUE AS AXUDAS SE INVISTEN NA POBOACIÓN E NON QUEDAN EN MANS DE GOBERNOS CORRUPTOS**

**6. IMPULSAR A AUTODETERMINACIÓN DO POBO SAHARAUÍ, ESIXINDO A MARROCOS QUE CONVOQUE UN REFERENDO SOBRE O TEMA, DE CONFORMIDADE COAS RESOLUCIÓNS DA ONU**

**7. CONDENAR O XENOCIDIO PALESTINO POR PARTE DE ISRAEL E APOIAR O ESTABLECEMENTO DE DOUS ESTADOS, SEGUINDO AS RESOLUCIÓNS DA ONU**

**8. BLOQUEAR O ENVÍO DE ARMAS A UCRAÍNA E APERTAR PARA UNHA SAÍDA NEGOCIADA DO CONFLITO**

**9. POTENCIAR UN NOVO MODELO COMERCIAL QUE RESPECTE OS DEREITOS DOS POBOS SOBRE SEU TERRITORIO**

**10. IMPEDIR QUE O CONSUMO NOS PAÍSES DO NORTE DEVOREN OS RECURSOS ECONÓMICOS DOUTROS POBOS DO SUR**

**11. DEFENDER UN MODELO INTERNACIONAL BASEADO NOS PRINCIPIOS DO COMERCIO XUSTO**

Estes son os 12 ámbitos do noso programa electoral que defenderemos en Europa se obtemos representación. Necesitamos o voto de todas para poder levar o feminismo e os problemas das mulleres ao Parlamento Europeo.

Porque só #XuntasFaremosHistoria, VOTA PFAC!

